

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e tres de xuño do ano dous mil dezasete, ás nove horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia de don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º), en substitución do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados/as, don Jorge Pumar Tesouro, don Pablo Pérez Pérez, don Plácido Álvarez Dobaño, don Manuel Doval Soto, dona Ana M.^a Villarino Pardo e don Juan Anta Rodríguez, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de que teña lugar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Asiste o interventor accidental, don José Mosquera Casero, xefe do Servizo de Intervención, e dá fe do acto, o vicesecretario xeral, don Juan Marquina Fuentes.

No asiste á sesión a deputada provincial dona Montserrat Lama Nóvoa, que escusa a súa ausencia.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 8 DE XUÑO DE 2017.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día oito de xuño de dous mil dezasete, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 41/POS/2017

NO TERMO MUNICIPAL DE LAZA.- Á vista da solicitude formulada polo Concello de Laza, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó concello de Laza, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “construción de centro social en Toro”- a obra denominada “construción de almacén para centro social en Toro”, co número 41/POS/2017, cun orzamento total de execución de 55.000,00 euros.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017

3.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA Á OBRA MUNICIPAL N.º 115/POS/2017 “BEIRARRÚAS E REFORZO DE FIRME NA OU-1014 e OU-1021” NO TERMO MUNICIPAL DE MONTERREI.-

Á vista do escrito presentado polo xefe do Servizo Provincial de Vías e Obras, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

Modifica-lo Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017, no relativo á rede viaria provincial, incorporando ó plan principal –en substitución da obra n.º 115/POS/2017, denominada “beirarrúas e reforzo de firme na OU-1014 e OU-1021”, cun orzamento de 60.200,00 euros- as obras que seguidamente se describen, para executar, ámbalas dúas, no termo municipal de Monterrei:

- *“Beirarrúas na intersección da OU-1012 e OU-1014”, cun orzamento de 6.111,28 euros, que levará asignado o número 115/POS/2017 e*
- *“Reforzo de firme na estrada OU-1021”, cun orzamento de 54.088,72 euros, que levará asignado o número 129/POS/2017.*

4.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS N.º 23/POS/2017 E 147/POS/2017, NO TERMO MUNICIPAL DE CASTRELO DE MIÑO.-

Á vista da solicitude formulada polo Concello de Castrelo de Miño, tendo en conta o informe favorable do xefe do Servizo de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1.- Modifica-lo Plan (principal) provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de Castrelo de Miño, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “reforma de edificación para fogar residencial en Castrelo de Miño, 1ª fase”- a obra denominada “Mellora no sistema de depuración en Cortiñas, Ramirás, Santo Estevo, Noallo, Astariz, Traveso, San Pedro, Vilela, Vide, As Bouzas, Troncoso, Nogueiredo, Santa María, Prado, Oleiros, A Hermida, Carixa, Parada, Souto, O Rial e Señorín”, co número 23/POS/2017, cun orzamento total de execución de 55.000,00 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017

2.- *Modifica-lo Plan complementario ó provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2017 no relativo ó Concello de Castrelo de Miño, incorporando ó plan complementario –en substitución da obra denominada “reforma de edificación para fogar residencial en Castrelo de Miño, 2ª fase”- a obra denominada “reforma de edificación para fogar residencial en Castrelo de Miño, 1ª fase”, co número 147/POS/2017, cun orzamento total de execución de 55.000,00 €.*

5.- PECHE DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES ESCÉNICAS E MUSICAIS PARA O ANO 2017.

- Con data 29 de setembro de 2016, a Xunta de Goberno desta Deputación acordou aprobar as bases reguladoras das subvencións da Deputación Provincial de Ourense para o fomento das actividades escénicas e musicais para o ano 2017.

De acordo coas bases da dita convocatoria, a posibilidade de concesión de subvencións para a realización de actuacións escénicas e musicais quedou aberta ata o 30 de novembro de 2017.

Non obstante o anterior, con data 7 de xuño de 2017, a Intervención desta Deputación informou do esgotamento da partida orzamentaria correspondente a esta liña de axudas, o que imposibilita a concesión de novas subvencións a partir do día 8 de xuño de 2017.

Considérase conveniente, por razóns de seguridade xurídica e para os efectos de informar debidamente desta circunstancia aos potenciais interesados, deixar sen efecto a convocatoria das citadas subvencións, con efectos do 8 de xuño de 2017.

A Presidencia da Deputación procederá a denegar as solicitudes que teñan entrada dende o día 8 de xuño (inclusive) de 2017, sen necesidade de acordo ningún ao respecto por parte da Xunta de Goberno, ao producirse a carencia dun requisito esencial para a concesión de subvencións, como é a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente.

Polo exposto, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Deixar sen efecto a convocatoria do concurso para concesión de subvencións para o fomento de actividades escénicas e musicais para o ano 2017, regulada polas bases da convocatoria aprobada por acordo da Xunta de Goberno do 29 de setembro de 2016.

Como consecuencia deste acordo, as solicitudes presentadas con posterioridade ao día 7 de xuño de 2017, non serán admitidas a trámite. O cesamento de efectos da

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017

convocatoria non afectará ás solicitudes que foran presentadas con anterioridade ao 8 de xuño de 2017.

2º.- Publicar este acordo no BOP e na páxina web da Deputación Provincial, para xeral coñecemento.

6.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á CÁMARA OFICIAL DE COMERCIO E INDUSTRIA DE OURENSE.

- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 431.41/489.16 unha subvención nominativa, por importe de 100.000,00 euros, a favor da Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, para actividades da entidade correspondentes ao ano 2017.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 100.000,00 euros.

-Obxecto: actividades da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017

simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN ESTANISLAO REVERTER.-

No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.00 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor da Fundación Estanislao Reverter, para proxectos 2017.

Unha vez vista a documentación presentada polo representante da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Estanislao Reverter, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: realización de proxectos da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 2 de outubro de 2017.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CASTRO CALDELAS.-

No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Castro Caldelas, para o proxecto de dinamización do castelo.

Unha vez vista a solicitude formulada pola alcaldesa do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Castro Caldelas, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: dinamización do castelo para promoción turística do Concello de Castro Caldelas.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

1. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
2. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
3. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
4. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2017.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CORTEGADA.- No Pleno, con data 30 de setembro de 2016, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2017, e con cargo á aplicación 450.12/762.01, a cantidade de 17.000,00 euros a favor do Concello de Cortegada, para gastos servizos municipais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Cortegada, nos seguintes termos:

-Importe: 17.000,00 euros.

-Obxecto: mantemento do servizo de augas, iluminación e subministración de enerxía correspondentes ao ano 2016.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

5. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
6. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
7. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
8. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 15 de setembro de 2017.

10.- APROBACIÓN DE PAGO ANTICIPADO DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO

DE LAZA.- Con data do 5 de maio de 2017, por acordo da Xunta de Goberno concedéuselle ao Concello de Laza unha subvención nominativa, por importe de 150.000,00 euros, para o proxecto de parque e edificio municipal de centro de emerxencias, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Con data 8 de xuño de 2017, o Concello de Laza presenta, no Rexistro Xeral desta Deputación Provincial, un escrito, no que solicita o anticipo do 75% do importe concedido de 150.000,00 euros para a execución da actuación parque e edificio municipal de centro de emerxencias.

O artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense dispón que, se o beneficiario o solicita, se pode pagar o importe do anticipo solicitado, sempre que a entidade local beneficiaria da subvención, no momento do anticipo, non teña débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación, por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

De acordo co anteriormente exposto e co informe da Intervención desta Deputación Provincial, do día 20 de xuño de 2017, no que se informa que o Concello de Laza non ten débedas con esta Deputación, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar o pago anticipado, por importe de 112.500,00 euros ao Concello de Laza, para parque e edificio municipal de centro de emerxencias.

O Concello de Laza deberá presentar a xustificación do gasto subvencionado, segundo o establecido no acordo de concesión.

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PADRENDA.

- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 25.000,00 euros, a favor do Concello de Padrenda, para traballos medioambientais.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Padrenda, nos seguintes termos:

-Importe: 25.000,00 euros.

-Obxecto: traballos medioambientais.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

9. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
10. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
11. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
12. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 2 de outubro de 2017.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PETÍN.- No Pleno, con data 28 de abril de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 2/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 20.000,00 euros, a favor do Concello de Petín, para brazo rozadora.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Petín, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 euros.

-Obxecto: adquisición de rozadora con brazo

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

13. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
14. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
15. Que a xustificación da subvención concedida acada o 100% do importe do proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
16. Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 2 de outubro de 2017.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE RIÓS.- No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 414.11/462.00 unha subvención nominativa, por importe de 30.000,00 euros, a favor do Concello de Riós, para mantemento e funcionamento do sector agroforestal.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ao Concello de Riós, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 euros.

-Obxecto: mantemento e funcionamento dun Centro Agroforestal.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se fagan constar os seguintes extremos, respecto da actuación subvencionada:

- 1- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3- Que os gastos xustificados acadan o 100% da subvención concedida.
- 4- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.-

No Pleno, con data 27 de xaneiro de 2017, acordouse aprobar o expediente n.º 1/2017 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ao ano 2017, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/463.01 unha subvención nominativa, por importe de 50.000,00 euros, a favor da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

Unha vez vista a solicitude formulada polo presidente da mencionada mancomunidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta formulada, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín, nos seguintes termos:

-Importe: 50.000,00 euros.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2017.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención da mancomunidade beneficiaria, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

17. Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
18. Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
19. Que a xustificación da subvención acada o 100% do importe da subvención concedida.
20. Relación das subvencións concedidas á entidade beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 de novembro de 2017.

15.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Trala unánime declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a Xunta de Goberno adoptou o seguinte acordo:

15.a) EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0210 LEIRADO-PONTEDEVA, NO MUNICIPIO DE QUINTELA DE LEIRADO.- Unha vez visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, e tras a unánime

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

declaración da urxencia do asunto, por non figurar incluído na orde do día, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1. Resolver as alegacións formuladas polo propietario da parcela n.º 3 do expediente, D. Jose María Lloves Rodríguez, baseándose no informe emitido polo xefe do Servizo de Vías e Obras da Deputación de Ourense, no senso que se expón a continuación:

a. Alega o propietario que na parcela existe unha rampla de acceso a esta, duns 10 metros de longo e 3 metros de largo, co seu muro de contención, e a continuación existe un muro de contención da estrada. A este respecto, o informe responde a que a rampla de acceso ao predio será reconstruída pola administración, e que se lle estima a existencia do muro de contención da rampla, cunhas dimensións de 2 m.*1 m* 0,50 m. En canto ao outro muro de contención da estrada, pertence ao predio lindeiro, propiedade de D. Jesús Villanueva Rivera, polo que se desestima esta última alegación.

b. Alega o propietario que na parcela existen dúas mangueras de auga potable que recorren lonxitudinalmente ao lado da baixada de augas fecais, dende a parcela n.º 29, tamén da súa propiedade. A este respecto, o informe sinala que o propietario non dispón de autorización da Deputación de Ourense para a ocupación do dominio público da estrada coas devanditas mangueras, polo que non procede a súa indemnización.

c. Por último, alega o propietario que a parcela está repoboada con árbores de carballo americano, dos que, sobre uns 10, estarían afectados pola expropiación, sinalando a este respecto o informe que os carballos que se ven afectados son 3, polo que se estima parcialmente esta alegación.

2. Aprobar o proxecto técnico da obra de mellora da estrada provincial OU-0210 LEIRADO-PONTEDEVA, no termo municipal de Quintela de Leirado, así como o anexo de expropiacións, no que se inclúe o plano parcelario e a relación de bens afectados.

3. Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017

4. Acordar definitivamente a NECESIDADE DE OCUPACION, CON CARÁCTER URXENTE, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

PARCELA Nº	POL.	PARCELA	REF. CATASTRAL	PROPIETARIO	CALIFICACION	OCUPACION M ²
1	22	132	32067A02200132	- URSULA PRIETO VAZQUEZ	MONTE BAIXO	144,22
	22	27	32067A02200027	- URSULA PRIETO VAZQUEZ	PASTIZAL	82,70
3	22	29	32067A02200029	- JOSE MARIA LLOVES RODRIGUEZ	MONTE BAIXO	39,21
4	22	30	32067A02200030	- JESUS VILLANUEVA RIVERA	VIÑEDO	134,27
5	22	133	32067A02200133	- JESUS VILLANUEVA RIVERA	MATAGUEIRA	89,68
6	22	134	32067A02200134	- MARIA SALADINA PEREZ GALLARDO	MATAGUEIRA	44,42
7	22	31	32067A02200031	- MARIA SALADINA PEREZ GALLARDO	MATAGUEIRA	25,34
8	22	135	32067A02200135	- LUISA RODRIGUEZ PEREZ	MATAGUEIRA	110,00
9	22	32	32067A02200032	- LUISA RODRIGUEZ PEREZ	PIÑEIRAL MADERABLE	52,79
10	22	137	32067A02200137	- URSULA PRIETO VAZQUEZ	MATAGUEIRA	83,42
11	22	35	32067A02200035	- URSULA PRIETO VAZQUEZ	VIÑEDO	103,27
12	22	36	32067A02200036	- HEREDEROS DE DELMIRO ESTEVEZ ALVAREZ	MONTE BAIXO	69,56
13	22	37	32067A02200037	- MARIA CRISTINA RODRIGUEZ FERNANDEZ	LABRADÍO SECANO	126,35
14	22	138	32067A02200138	- SERAFIN CASTRO	MONTE BAIXO	170,73
15	22	226	32067A02200226	- HEREDEROS DE ANGEL FUENTES FERNANDEZ	PIÑEIRAL MADERABLE	73,64
16	22	144	32067A02200144	- ESPERANZA VELOSO FERNANDEZ	PIÑEIRAL MADERABLE	284,95
17	22	141	32067A02200141	- EMILIO ALVAREZ ROJO	PIÑEIRAL MADERABLE	135,00
18	22	237	32067A02200237	- CARLOS VELOSO	MONTE BAIXO	107,00
19	22	236	32067A02200236	- CRISTINA ALVAREZ LORENZO	MONTE BAIXO	20,34
20	22	48	32067A02200048	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	MATAGUEIRA	34,63
21	22	142	32067A02200142	- SERAFIN CASTRO	PIÑEIRAL MADERABLE	87,74
22	22	49	32067A02200049	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	PIÑEIRAL MADERABLE	264,51
23	22	143	32067A02200143	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	PIÑEIRAL MADERABLE	450,64
24	23	36	32067A02300036	- JOSE FERNANDEZ ALVAREZ	PIÑEIRAL MADERABLE	450,64
25	23	33	32067A02300033	- HEREDEROS DE MANUELA DEVESA FERNANDEZ	PIÑEIRAL MADERABLE	197,00
26	23	32	32067A02300032	- HEREDEROS DE MANUELA DEVESA FERNANDEZ	PASTIZAL	29,39
27	23	24	32067A02300024	- HEREDEROS DE RAFAEL ALVAREZ FEIJOO	PASTIZAL	54,86
28	23	25	32067A02300025	- JOSE ALONSO AGRAS	PIÑEIRAL MADERABLE	129,36
29	23	26	32067A02300026	- RAMONA MONTERO VISO	PIÑEIRAL MADERABLE	144,15
30	23	23	32067A02300023	- RAMONA MONTERO VISO	PASTIZAL	34,60
31	22	9002	32067A02209002	- CONCELLO DE QUINTELA	VIA TERRESTRE	14,67

Acta da Xunta de Goberno correspondente á ordinaria do 23 de xuño de 2017
--

				DE LEIRADO		
32	22	9001	32067A02209001	- CONCELLO DE QUINTELA DE LEIRADO	VIA TERRESTRE	14,77
33	23	9002	32067A02309002	- CONCELLO DE QUINTELA DE LEIRADO	VIA TERRESTRE	5,64

5. Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás nove horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e tres de xuño do ano dous mil dezasete, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O VICESECRETARIO,